

A EMERXENCIA DA CONCIENCIA LINGÜÍSTICA
(GALEGO-PORTUGUESA-BRASILEIRA)
EN MURGUÍA E CASTELAO
Xosé Ramón Freixeiro Mato

11
12
13
14
15
16
17
18
19
20
21
22
23
24
25
26
27
28
29
30
31
32
33
34
35
36
37
38
39
40
41
42
43
44
45
46
47
48
49
50
51
52
53
54
55
56
57
58
59
60
61
62
63
64
65
66
67
68
69
70
71
72
73
74
75
76
77
78
79
80
81
82
83
84
85
86
87
88
89
90
91
92
93
94
95
96
97
98
99
100

Contando co importante labor dos precursores ilustrados do século XVIII, será na seguinte centuria, baixo o patrocínio de Murguía, cando se produza a emerxencia da conciencia lingüística na Galiza, que se verá reforzada co contributo posterior de Castelao na primeira metade do século XX. Manuel Murguía (Arteixo, 1833 - A Coruña, 1923) será o elo de unión entre o Padre Sarmiento e Castelao canto á reivindicación do idioma galego e o ideólogo que vai fundamentar a identidade nacional da Galiza. No transcurso do seu dilatado e fecundo traballo intelectual como escritor e xornalista, vains ir deixando, espalladas en libros e artigos en xornais ou revistas, unha serie de reflexións sobre a lingua galega que han servir de base e fundamento teórico para o labor de defensa e dignificación da lingua que o movemento galeguista e nacionalista terá como obxectivo primordial do seu traballo cultural e político. Por súa parte, Afonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886 - Buenos Aires, 1950) foi, sen dúbida, a figura máis relevante da Galiza do século XX, tanto pola transcendencia social do seu pensamento e do seu exemplo vital de comportamento ético, como polo seu labor político e pola súa obra literaria e artística. O compromiso persoal coa lingua galega como escritor monolingüe e a relevancia que na análise da personalidade histórica da Galiza lle concedeu ao idioma propio convérteno nunha figura clave para hoxe comprendermos a evolución do pensamento lingüístico e nun dos máis importantes e clarividentes teorizadores a respecto do papel que a lingua galega ten de desempeñar na Galiza do presente e do porvir. Ambos os autores fundamentaron a emerxencia da conciencia lingüística na proxección do galego non só en Portugal senón tamén no Brasil, argumento de que se serviron para o tentaren prestixiar.

1. A importancia da lingua na conformación nacional da Galiza

Para Murguía o feito de a Galiza posuír unha lingua de seu convértese en argumento suficiente para ratificar a existencia dunha personalidade diferenciada e para podermos confirmar que o noso país constitúe unha comunidade nacional, pois, segundo reiteradamente ten manifestado nos seus escritos, "Léngua distinta [...] acusa distinta nacionalidade" (Murguía 1996: 159). A lingua, por tanto, ocupa un papel central na definición do ser nacional da Galiza

por ser unha creación do pobo (T. López 1998: 53), idea subliñada por outros estudiosos¹. Ora ben, antes da lingua, Murguía apela á raza como primeiro elemento definidor da nación, sendo a lingua o "segundo elemento en importancia", moi vinculado ao primeiro (Beramendi 1981: 52). Velasco Souto (1998: 23) tamén afirma que, após a raza, "e intimamente vencellada a ela, vén a lingua" entre os "elementos definitórios do *constructo* nacional murguían".

Tendo talvez tamén en conta a debilidade do sistema literario galego naquela altura, o autor subordina a existencia dunha literatura de noso ao feito mesmo de posuírmos unha lingua propia: "Afortunadamente el hecho de la posesión de una lengua nacional será siempre superior al número é importancia de los escritores que de ella se valen, sobre todo si esa lengua se ha creado en el seno mismo del pueblo que la habla" (en T. López 1988: 53). E inclusive chega a afirmar, facendo da necesidade virtude, que "la lengua que no se fija literariamente es lengua en constante formación y por lo tanto más rica" (en Risco 1976: 181). Nun discurso de 1886 afirmaba Murguía que as linguas "son las verdaderas banderas nacionales", sendo unha obriga dos galegos conservarmos a nosa, pois "refleja nuestra vida intelectual y efectiva: se ha criado en nuestras entrañas, es á un tiempo nuestra madre y nuestra hija: diez siglos pusieron en ella cuanto nos pertenece" (en Hermida 1992: 268). E no discurso de 1906 lido na Academia, após constatar o abandono do galego por parte das clases altas, nega a posibilidade da súa desaparición porque "el idioma de cada pueblo es el característico más puro y más poderoso de la nacionalidad. Gentes que hablan la lengua que no les es propia, es un pueblo que no se pertenece" (en Risco 1976: 130-131).

A defensa e dignificación da lingua galega tamén foi entendida por Murguía como unha reivindicación da dignidade dos galegofalantes, a maioría da poboación da Galiza da altura, que posúe o dereito de se expresar, sen vergoña e con orgullo, no idioma que lle transmitiron os seus antepasados. Así, en *La primera luz* (1859), perante as burlas de que é obxecto un neno aldeán na escola por parte dos seus compañeiros por se non expresar con corrección en castelán, o mestre fai unha defensa apaixonada do idioma galego, "que nosotros no debemos, no digo ya olvidarlo, sino amarlo, venerarlo, como a preciosa herencia que nos han legado nuestros antepasados", pois "el pueblo que olvida y escarnece su idioma, este pueblo dice al resto del mundo que ha perdido su dignidad!" (en Hermida 1992: 51-52). Aínda que por veces o autor se refire ao galego como dialecto, convén termos en conta que Murguía é totalmente consciente da dialéctica entre o que chama 'lingua nacional', como lingua do estado, e os dialectos ou as 'linguas naturais' e históricas, que, como no caso do galego, perderon usos e prestixio, sendo preciso rehabilitalas (Rabuñal 1999: 46). Ora ben, isto acontece nos textos da súa primeira época, pois, por exemplo, se na primeira edición do volume inaugural da *Historia de Galicia* utilizaba a palabra 'dialecto', nas edicións posteriores, "feitas xa na fase rexionalista", Murguía corruxirá coidadosamente a cualificación de galego como 'dialecto' e substituiráa por 'idioma' (Beramendi & Núñez 1995: 315, nota 36). Ao contrario que Emilia Pardo Bazán, Murguía non quixo admitir como irreversible a situación subalterna do

¹ Véxase Beramendi & Núñez (1995: 37): "[...] o idioma propio, que Murguía sitúa no centro da afirmación e definición nacionais"; ou Beramendi (1998: 8): "[...] a importancia que dá ó idioma como elemento central da afirmación nacional".

galego e a súa consideración como lingua 'proscrita' e inferior (ou dialecto no sentido en que o usaba a condesa) e rebelouse contra o intento desta por afastar o noso idioma de ámbitos e xéneros considerados cultos, pretendendo de paso reducir os escritores en galego a unha categoría secundaria simplemente pola lingua utilizada e polos asuntos tratados:

Pero como se necesitaba rebajar a la que escribía en una lengua proscrita, no hubo inconveniente en condenar su empleo en asuntos que se suponen superiores y dar a entender que la lengua y los asuntos que únicamente le cuadran, son como su poeta de orden inferior. Sin duda para quien sostiene semejante absurdo, allí donde la gente campesina habla la lengua nacional, allí sus sentimientos y afectos tanto como su adecuada expresión, se ennoblecen de por sí. Allí se puede hablar de ella, en el lenguaje de los dioses. En cambio esos mismos sentimientos expresados en una lengua no oficial, se empequeñecen y pierden de su fuerza (Murguía 2000: 114-115).

Se fica claro o compromiso do autor coa dignificación do idioma, pode causar, no entanto, certa estrañeza a case sistemática utilización do castelán na súa obra escrita, tanto de creación literaria, onde apenas nos deixou un poema en galego, como ensaística, con só tres textos na nosa lingua², e inclusive na oratoria pública alí onde o contexto favorecía o emprego do galego, como no discurso escrito para a súa lectura no acto de inauguración da Academia Galega, incoherencia entre a teoría e a praxe lingüística de Murguía subliñada e contextualizada por Alonso Montero (1991: 15-16). Sorprende especialmente a non utilización do galego para a obra lírica, dada a súa firme defensa do idioma como principal elemento diferenciador da cultura galega, a súa asunción do "carácter social da arte como reflexo da natureza" (Barreiro & Axeitos 2000: 71) e tamén o camiño xa percorrido polo galego naquela altura como lingua poética. Non é suficiente, pois, neste caso o motivo de que a obra de Murguía é científica e didáctica, en tanto que o galego decimonónico é fundamentalmente lingua lírica, como aducen os editores da obra de Risco sobre o autor nado en Arteixo (Risco 1976: 73). Xa en 1888, nun artigo na revista *Galicia*, Aurelio Ribalta parece facer unha acertada aproximación a este tema:

Nunca he visto un gallego tan gallego, a pesar de que siempre escribió en castellano, aun amando nuestro idioma regional, como ama todas las cosas de la Región. Pero su misión era hablar a los fariseos y a los gentiles. Su palabra, más que para nosotros, era para los ajenos, y le fue necesario hablar de modo que todos le entendiesen. Esto por lo que toca a los últimos años, que en los primeros de su vida, nadie pensaba ni en idioma regional, ni en zarandajas. Lo primero que Murguía procuró fue que tuviésemos patria. Luego tendríamos idioma e Historia (citado por Barreiro & Axeitos 2000: 71).

² Véxase a súa produción en galego en Murguía (1996: 153-196).

En consonancia con isto, Fortes (1998: 25-26) fala de que Murguía ten unha visión do proceso de construción da literatura galega por etapas, na primeira das cales “non precisa estar escrita en galego”, senón que o carácter galego se debería fundamentar nos temas propios do noso ámbito cultural e “en certas cualidades inherentes á obra literaria”, como o predominio do sentimento; para as seguintes etapas Murguía xa defende que a literatura galega “ten que ser unha literatura escrita en galego”. A partir desta consideración, o autor incluíríase a si propio nesa primeira etapa, onde o importante era resaltar a singularidade e a personalidade peculiar do país. A súa obra científica e ensaística vén a confirmar isto (*La primeira luz, Diccionario de escritores gallegos, Historia de Galicia, Los precursores, Galicia*), mais tamén as obras de creación, as novelas escritas na década dos cincuenta (*Desde el cielo, El ángel de la muerte, Mientras duerme, D. Diego Gelmírez, La mujer de fuego*), teñen en común a presenza da xeografía galega que serve de espazo mítico ao desenvolvemento da acción, estando a paisaxe en que todas elas se localizan, como verdadeiro *locus amoenus*, situada arredor do río Ulla e do Sar, até a súa desembocadura na ría de Arousa (Barreiro & Axeitos 2000: 75-76). Murguía considerárase, pois, a si propio un precursor, o encargado nesa primeira fase de dar a coñecer cara a dentro e tamén ao exterior a existencia da Galiza como nación diferenciada con lingua, costumes e tradición de seu, con historia propia; terían de ser os membros das seguintes xeracións os que desen o paso a unha literatura galega en lingua galega, esencial para a construción nacional. Consecuentemente, Murguía anima os nosos autores a escribiren en galego, pois na tarefa urxente de formar unha patria os poetas e escritores en xeral teñen para el un papel fundamental que cumpríren. É, por tanto, moi consciente da necesidade de incorporar a lingua á tarefa da construción do país (Barreiro & Axeitos 2000: 55), aínda que el non dea exemplo na súa obra escrita. Mais exerceu influencia para que outros o fixesen, tanto entre os seus contemporáneos e achegados -os casos de Rosalía e Ponal son un exemplo- como nas xeracións de escritores que o ían suceder.

A importancia concedida por Murguía ao idioma e a preocupación polo seu futuro levárono a pensar na creación dunha Academia encargada de velar pola súa unificación e saúde. Así, xa no ano 1894 escribe unha carta a Curros como membro da “Comisión gestora para crear la Academia Gallega” e en 1904 o mesmo Murguía publica na revista *La Temporada de Mondariz* un artigo intitulado “Necesidad de la formación y publicación de un Diccionario de la lengua gallega”, que, sen aludir á creación da Academia, se convertería no “motivador e desencadeante da idea inicial sobre a creación definitiva” dela (López Varela 1998: 66; véxase tamén Alonso Montero 1988: 16). Esta institución non se dará conformado até 1906 como Real Academia Gallega, con Murguía como o seu primeiro presidente até a súa morte en 1923. Mais non por iso se deron resolvido os problemas de estandarización ou fixación da norma culta do galego nin a Academia deu realizado un dicionario e unha gramática; as polémicas ortográficas xurdidas sobre todo a fins do XIX sen a participación directa de Murguía nelas (Hermida 1987) continuarán durante os anos do XX en que este exerceu a presidencia académica e van ir xerando o conflito normativo.

A batalla librada por Murguía xa antes de acceder á presidencia da Academia estivera encamiñada a resaltar a transcendencia do idioma na conformación da nacionalidade galega e a loitar pola súa dignificación, fornecendo os argumentos necesarios para que a lingua galega chegase a ser “tan oficial como la del Estado”, segundo deixou escrito en *El Regionalismo*

Gallego en 1889. Xa en 1858, após recoñecer a ausencia de libros de consulta en que se apoiar, tentaba destruír os graves preconceitos que obstaculizaban a consideración do galego como lingua digna e autónoma nun artigo publicado en *El Museo Universal* de Madrid:

Escusado es detenerse en probar que el gallego es un dialecto cuya estructura difiere notablemente de la del idioma castellano, y que por lo mismo mal puede ser como cree de consumo el vulgo ignorante, el castellano corrompido, así como tampoco es el antiguo castellano que se conserva todavía en aquellas montañas, en toda su primitiva rudeza (en Hermida 1992: 33).

E nos artigos publicados en *La Ilustración Gallega y Asturiana* non se cansa “de alentar o uso e dignificación -tamén pola vía literaria- do idioma, a investigación e o amor que o país debe profesar á súa lingua” (Fernández & Rabuñal 1998: 46).

A respecto de Castelao, en primeiro lugar cómpre subliñarmos que para el a lingua non é un simple medio de comunicación entre as persoas, senón a principal institución social e a compoñente básica da nación (García Negro 1989: 8-9), orgánicamente unida a unha cultura (Monteagudo 2000: 148) e fonte inesgotábel de obras de arte:

Un idioma non é samente un xeito de expresión. Se así fose habería que matar o galego, e dispóis, polas mesmas razóns, teríamos que matar o castelán hastra que atopásemos co idioma que tivese o mais outo creto certífico. Non; un idioma non é somentes un xeito de expresión, é tamén unha fonte de arte. ¡Quén fose poeta pra decirvos o que é un idioma! Eu, artista, por non ver cegada unha fonte de arte, teño que defender a fala de nosos abós (Castelao 1974: 62).

O propio idioma é a máis grande obra de arte que un pobo pode crear, para alén de símbolo da súa identidade e permanencia; por iso calquera atentado contra a vida dun idioma convértese nun acto bárbaro por si mesmo, como bárbaro será tamén o pobo que deixar morrer a súa lingua:

Ningún idioma alleo -por ilustre que sexa- poderá expresión en nome do noso os íntimos sentimentos, as fondas doores e as perdurables esanzas do pobo galego [...] ¿Cómo chamaríamos a un home que consentise o derrumbamento do Pórtico da Gloria? Pois é certamente máis bárbaro quen deixa morrer un idioma: obra de arte insuperable, feita con amor, con door e con ledicia polos nosos antergos, que recibimos en herdo e que temos a obriga de enriquecer co espírito do noso tempo (Castelao 1934: 10)³.

Se Murguía situaba a lingua en segundo lugar, despois da raza, entre os elementos conformadores da nación, Castelao vaina colocar na primeira posición. Esta primacía da lingua, explicitada ao situar en primeiro termo o idioma propio entre os factores definidores da nación

³ En *Sempre en Galiza* vai incidir o autor nesta mesma argumentación (véxase Castelao 1961: 105).

(Castelao 1961: 41), a súa potencialidade como atributo fundamental desta, "radica na posibilidade de exteriorizar simbolicamente unha singularidade cultural, na posibilidade de existirmos como pobo diferenciado" (Rei Romeu 1996: 61), pois "se aínda somos diferentes e capaces de existir, non é máis que por obra e gracia do idioma" (Castelao 1934: 10).

Para Castelao un idioma non aparece por vontade expresa das persoas, senón que é consecuencia da xeración dunha nova cultura por parte dun pobo que en determinadas circunstancias acha as condicións favorábeis que o permiten. Esa cultura expresárase a través do idioma propio. Lingua e cultura están, así, intimamente unidas: "O problema do idioma en Galiza é, pois, un problema de diñidade e de liberdade; pero máis que nada é un problema de cultura" (Castelao 1961: 43). Para Castelao a Galiza é unha nación porque ten un idioma propio, un territorio diferente, unha vida económica peculiar e "hábitos psicolóxicos reflexados n-unha cultura autóctona" (Castelao 1961: 40). Mais foxe de calquera definición racista de nación, pois a "raza non é tansiquera un signo diferencial da nacionalidade" e non se pode fundar ningunha reivindicación nacional "invocando características de raza", sendo para os galegos o nacionalismo racista "un delito e tamén un pecado"; é aquí onde Castelao se distingue de Murguía, como se acaba de ver. Mais isto non implica para el que os galegos non nos sintamos celtas, no sentido de posuírmos unhas "afinidades étnicas que nos asemellan a outros povos atlánticos, que viven nos Fisterres", trazos diferenciais que o autor atribúe "ao poder creador da Terra-Nai" (Castelao 1961: 41).

En conclusión, tanto para Murguía como para Castelao lingua e nación están intimamente unidas, a constituír a primeira un atributo esencial da segunda. De aí o compromiso de ambos na súa defensa e dignificación.

2. *A xénese e evolución histórica do galego*

Tanto un autor como outro teñen feito consideracións a respecto da procedencia do galego e da súa evolución histórica, especialmente destacábeis en Castelao con relación a isto último. Manuel Murguía reconece a orixe neolatina do galego, mais non lle concede a exclusividade na súa formación, pois tamén lle outorga importancia á influencia das falas celtas (García Pereiro 1978: 363). Así, no seu libro *La primera luz*, de 1859, escribe que "el dialecto gallego es uno de los que en España conserva más puro su origen latino, y en el cual se advierte a cada paso las huellas poderosas de los antiguos idiomas célticos, que se hablaban en Galicia antes y durante la dominación romana"; tamén fai notar que "sus voces, en la mayor parte, son débil corrupción del latín", sen as "ásperas palabras" que o castelán tomou do árabe; e á pregunta sobre a orixe do galego responde que este é o "latín, modificado según el genio de las lenguas célticas que se hablaron en Galicia" (en Hermida 1992: 52). No discurso pronunciado en galego nos Xogos Florais de Tui de 1891 di que o celta lle deu "a súa dozura e a maior parte do seu vocabulario; o romano afírmouno, tén do suevo as inflexións, do noso corazón o acento afalagador, e os brandos sonos, e os sentimentos das razas célticas" (Murguía 1996: 159). Proxecta, pois, o autor na lingua o celtismo que está na base do seu pensamento político a respecto da Galiza como nación (Máiz 1999: 25-66), exaxerando un tanto a importancia da innegábel presenza do elemento celta na configuración do galego⁴. A súa

⁴ Véxase ao respecto Mariño Paz (1998: 27-37). Sobre a preparación filolóxica de Murguía e o seu celtismo lingüístico pode verse Risco (1976: 41-42).

teoría, exposta nas "Consideraciones generales" da *Historia de Galicia* e traducida por Risco (1976: 43), di sintetizadamente que é no latín onde se debe procurar a orixe do galego e tamén conxuntamente nos idiomas célticos falados aquí, que non só non se perderon senón que a xente do campo os continuou a falar durante os catro séculos de dominación romana, deixándonos moitas palabras e modificando as latinas de acordo cos seus hábitos lingüísticos, de maneira que o pobo continuaría a falar a súa antiga lingua celta, aínda que romanizada.

Por outra parte, Castelao, a pesar do recoñecemento desa etnicidade celta e superando a importancia que Murguía lle concedía ao contributo celtista na formación do galego, afirma con rotundidade a latinidade do noso idioma, en consonancia tamén co avance dos coñecementos científicos: "Estamos fartos de saber que o pobo galego fala un idioma de seu, fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués" (Castelao 1961: 41). O recoñecemento da latinidade da lingua, por unha parte, e a celticidade dos elementos configuradores da personalidade do pobo galego (a súa *Volgeist*), que ten no idioma o atributo máis esencial, por outra, poden pór en cuestión a continuidade histórica da relación orgánica entre nación, cultura e lingua, posíbel contradición que Castelao pretende resolver, segundo Monteagudo (2000: 149-150), mediante "a consideración das linguas históricas como seres vivos en permanente cambio e evolución" e mediante a distinción na linguaxe humana entre un compoñente étnico invariábel ou perenne, constituído polas súas características fónicas e rítmicas, e un compoñente caduco identificado co léxico:

Da mesma maneira que un home adulto xa non pode mudar a fonética do seu idioma materno, aínda que deixe de falalo para adoptar unha lingo estranxeira, así un pobo adulto conservará o mecanismo sonoro do seu antigo lingoaxe aínda que mude totalmente de léxico; e no ton e no son das novas verbas perdurarán as características musicas do vello falar [...]. A este respecto podemos decir que a romanización de Galiza non pode tomarse como signo de inconsistencia, pois se perdeu o seu léxico primitivo non perdeu os elementos sonoros da súa orixinalidade, que se transparentan no idioma actual e nas superiores manifestacións do xenio lírico (Castelao 1961: 344).

Así pois, a latinización da Galiza e a aparición do romance galego non suporán a conformación dunha nova cultura galega, senón un renacemento da súa personalidade nacional xa previamente existente:

Galiza sofreu o influxo da civilización dominante, e o seu 'fondo primitivo' absorbeu esencias estranas; pero non hai dúbida de que a raza asentada nos campos é a mesma que baixou das citáneas, e que o abrollar do romance galego, diferente aos demais romances hispanos, significa unha renascencia da rara e intransferible persoalidade de Galiza (Castelao 1961: 262).

Tal como veñen confirmando hoxe os estudos e investigacións máis desprexuízosos e actualizados ao respecto, Castelao tiña totalmente claro o que para moitos aínda agora supón unha novidade coñecer: o peso político da Gallaecia na Idade Media como reino hexemónico na Hispania cristiá durante séculos e a importancia do galego non só como lingua lírica peninsular, senón tamén como lingua cortesá mesmo nos reinos de León e Castela, "lengua

del único rey español que se llamó Sabio", como dirá nun discurso parlamentar (en X. L. García 1978: 20). Ao mesmo tempo, Castelao foi moi consciente de que Portugal naceu dentro do territorio galego e que, por tanto, é galego en orixe: "Así naceu Portugal: n-un anaco de terra galega, antre o Miño e o Douro, separado de Castela pol-o inespuñable macizo de Traz-os-Montes" (Castelao 1961: 335). Unha vez consumada a independencia portuguesa, a Galiza ficaría dividida en dúas, a de aquén e a de alén Miño, mais a súa lingua continuaría a ser a mesma, o galego (e non o portugués):

Imos supor que houbo dúas Galizas -a que se foi e a que se quedou, a que se axuntou con Castela e a que enxendrou a Portugal-; pero é indubidable que ambas a dúas tiñan un mesmo mecanismo sonoro, un mesmo xeito tonal e rítmico, unha mesma língoa, unha mesma arte e unha mesma cultura; en fin, unha mesma *alma patria*; e, pol-o tanto, a división de Galiza en dous Condados, que dispóis se converteron en Reinos diferentes, non autoriza a distinguir dúas modalidades creacionistas, según éstas se produxesen n-unha ou n-outra veira do río Miño, pois a nación galega chegaba até o Douro, e todo canto se veu chamando 'galaico-portugués' é realmente e únicamente 'galego' (Castelao 1961: 346).

Castelao rexeita, pois, a denominación de 'portugués' ou mesmo 'galego-portugués', aínda que esporadicamente teña utilizado esta última para se referir ao conxunto do romance occidental da península (Monteagudo 2000: 161), e non só para o galego senón para calquera variante do sistema lingüístico galego-portugués: "Logo arribamos ás costas do Brasil, onde os seus habitantes falan un idioma nacido e criado en Galiza, anque todos se empeñen en chamarlle portugués" (Castelao 1961: 447). Con frecuencia fai alusións, con ánimo corrector, a esta cuestión: "E así chamaremos 'galego' ao que decote se chama 'galaico-portugués'" (Castelao 1961: 265); "recurriremos a Menéndez Pidal, tan pouco amigo de Galiza que a miúdo lle chama 'portugués' â língoa galega, aínda que se refira a períodos anteriores â existencia do Portugal de hoxe" (Castelao 1961: 282); etc. Tal insistencia na denominación cremos que debe ser entendida, para alén da constatación dun feito histórico, como unha forma de prestixiar a lingua entre os galegos e de elevar a súa autoestima como tales. En coherencia coa defensa da marca de orixe 'galego' inclusive para a variedade falada en Portugal ou no Brasil, e dada a súa identificación entre 'Hespaña' (así escrita) e a Península Ibérica ou 'Iberia' (Castelao 1961: 330), defende tamén a denominación de 'castelán' para a lingua de Castela e rexeita enerxicamente para esta o termo de 'hespañol':

Tamén se intentou chamarlle 'idioma hespañol' â língoa de Castela. E eso sí que non, tampouco. O castelán pode ser o idioma oficial do Estado; pero non é máis hespañol que o catalán, o galego e o vasco. Total-as línguas que se falan na Hespaña son igoalmente hespañolas. E proclamamos esta verdade en nome do noso ideal hispánico (Castelao 1961: 101).

Para Castelao, pois, o galego é unha lingua neolatina, irmá do castelán, que se fala na Galiza, en Portugal e en territorios de ultramar. Seguindo a tónica marcada polo Padre Feijoo e por Murguía, rebate con firmeza a aseveración de o galego ser unha derivación rústica e vulgar ou unha forma corrompida do castelán, idea que ao longo dos séculos precedentes fora arraigando na sociedade:

Pero hai máis desvergoña nos que fan 'chistes' a costa da natural semellanza dos romances, coma se o galego fose, por esa semellanza, unha imitación ridícula do castelán e o castelán non poidera ser unha imitación do galego. Nós non decimos que o castelán sexa o galego moderno, como acabo de leer n-un periódico; pero menos podemos admitir que o galego sexa unha corrupción do castelán, pois se filolóxicamente ningún romance procede d-outro, e todos eles son fillos do *sermo vulgaris*, non hai dúbida de que, literariamente, o castelán débelle moito ao galego antramentras que o galego non lle debe nada ao castelán (Castelao 1961: 287).

A lingua galega na Idade Media conseguiu un extraordinario desenvolvemento literario, que Castelao aproveita para reforzar a idea de o galego ocupar unha posición privilexiada entre as linguas peninsulares como primeira lingua da lírica culta, feito que debe ser fonte de prestixio para un idioma necesitado da autoestima dos falantes. Levado por ese afán e influído pola concepción romántica da literatura medieval, hoxe en fase de revisión, aínda acertando na primacía do galego como lingua da lírica e no maior peso do elemento galego fronte ao portugués dentro da escola trobadoresca, recoñecido por autores como Rodrigues Lapa, Castelao exaxera o carácter tradicional, popular e exclusivamente galego da nosa lírica, só aplicábel en todo o caso ao xénero de amigo, e usa desacertadamente para ela os cualificativos de 'rural' e 'democrática' (Monteagudo 2000: 154). As argumentacións de Castelao a respecto da literatura medieval, debedoras do estado da investigación filolóxica na altura e das fontes por el empregadas, conteñen, pois, algunhas apreciacións hoxe superadas (Monteagudo 2000: 152-156), mais a idea fundamental a respecto da lingua non só permanece válida senón que se ve reforzada a cada paso (Nogueira 1996 e 1997): o galego gozou de grande prestixio durante a época medieval como lingua cortesá dos reinos cristiáns noroccidentais e como lingua lírica peninsular. Será tal prestixio o que lle vai permitir afirmar que ningún galego culto debe consentir que "a fala do seu povo -unha fala de príncipes, que aínda é señora en Portugal e Brasil- sexa escrava no patrio lar, sen dereito a ir á escola nin a presentarse como igoal do castelán" (Castelao 1961: 285).

Analiza Castelao con acerto a evolución da situación lingüística da Galiza após a etapa medieval e as súas explicacións, por resultaren agudas e convincentes, foron xeralmente seguidas con posterioridade. Parte o autor de que existe unha imposición lingüística do castelán como consecuencia do dominio e colonización política e cultural, denunciando a "doma e castración" da Galiza por Castela, sobre todo a partir do reinado dos Reis Católicos, que aldraxaron dona Xoana a Beltranexa "como dispóis os casteláns nos aldraxaron a nós. A pauliña dos *Reis Católicos* contra Galiza foi unha consiña de Estado, que perdurou até os nosos días" (Castelao 1961: 240). Esas aldraxes trasladáronse tamén á literatura:

Todo-os escritores casteláns do século XVII e XVIII adicáronse a luxar o nome e o creto dos galegos, creando un ambiente emponzoñado contra Galiza e negándonos, inclusive, a calidade de hespañoes. Para eles Galiza era un país de salvaxes colonizados, e ningún escritor castelán foi capaz de sair á nosa defensa, cando incluso se defendía aos indios que non se deixaban assimilar (Castelao 1961: 239).

A "violencia asimilista de Castela", a "intención imperialista da meseta", levou consigo a imposición da súa lingua na Galiza sen necesidade dunha lei expresa que prohibise o uso do galego (Castelao 1961: 240); non se achou un documento deste tipo, mais si disposicións que obrigaban os notarios a se examinaren en Castela e en castelán. Castelao detecta con clareza os axentes da castelanización, allea á vontade dos galegos, durante os tres séculos do galego medio e, en contra dunha falsa idea hoxe estendida, remarca o uso xeneralizado do galego como lingua oral a pesar do silencio literario:

Os eclesiásticos e os notarios lograron que o galego deixara de escribirse; pero non lograron que se falase o castelán, pois durante os tres séculos de silencio literario non se falou en Galiza máis que un idioma: o galego. Dispóis xurden novos axentes desgaleguizadores: as Escolas públicas e a Universidade de Sant-Iago (Castelao 1961: 105).

A case desaparición da literatura galega neste período non ten nada que ver coa capacidade intrínseca dos galegos ou da súa lingua para a creación artística, senón que obedece para el a razóns exóxenas: "Atribuímoslle á imposición oficial e cultural do castelán o silencio literario de Galiza" (Castelao 1961: 104). Ora ben, perante este silencio literario acaecido na Galiza durante os chamados séculos escuros, Castelao ten tamén, en consonancia co apuntado hoxe por algún estudioso (Nogueira 1997, 1998), plena consciencia de que tal eiva afectada só o territorio galego e non a lingua galega no seu conxunto, pois esta continúa a ser vehículo dunha literatura que nese período alcanza grande esplendor en Portugal: aínda que o galego literario "decaiu na rexión integrante de Hespaña, mantívose en todo auxe como língoa culta de Portugal, cuio berce orixinario foi Galiza comprendida antre o Miño e o Douro" (Castelao 1961: 454). Isto é, o galego practicamente desaparece como lingua literaria neses séculos na Galiza, mais a literatura en lingua galega florece en Portugal con figuras como Gil Vicente, Camões e outros moitos escritores importantes. Mais Castelao era ben coñecedor doutra verdade histórica de que hoxe moitos galegos aínda non son conscientes: que Portugal naceu dentro da Galiza e que a súa lingua é o galego, así denominado orixinariamente, aínda que logo se acabase por lle chamar portugués. E tamén, en consecuencia, o galego é a lingua do Brasil, a pesar de que se lle negue interesadamente o carácter hispano:

Pero velahí que os hespañoleiros, tanto de dereita como de esquerda, afincan a hispanidade no distintivo idiomático, negando a procedencia 'hispana' do Brasil pol-o feito de non falar a língoa de Castela. Para eles Brasil é tan estrano como Norteamérica. Diríase por esto que acatan a diferenca de línguas como diferenca de nacións; pero dentro de Hespaña imponen o dogma da 'nación única e indivisible' anque vexan que alí se falan catro idiomas diferentes. E podendo reivindicar para si a groría que a Galiza lle cabe por ser a nai dunha língoa de rango superior, non sóio tratan de regalarlle a Portugal esa groría, senón que, ao cabo de tantos séculos de inútil asimilismo, aínda manteñen a esperanza de borrar o ronsel do noso xenio lingoístico e cultural para non darlle nin patria sepultura (Castelao 1961: 455).

E en contra así mesmo dunha falsa asociación, tamén moi estendida, entre Rexurdimento literario no século XIX e mellora da situación social da lingua, o noso autor é

moi consciente de que esta recúa por causas en boa parte coincidentes coas expostas por Pintos en 1853 n'*A Gaita Gallega* e coas hoxe indicadas polos especialistas (véxase, por exemplo, Mariño 1998: 343), que van traer como consecuencia o primeiro grande avance do castelán como lingua oral na Galiza:

A guerra ao galego agravouse no século XIX, pol-a inflación burocrática do réxime de provincias e por certas supersticións do progreso... O idioma oficial da Administración, da Eirexa, do Exército, do Enseno e de toda situación pública, logra infiltrarse nas camadas burguesas da cibdade provinciana debido á influencia dos funcionarios, dos militares e tamén dos comerciantes e tendeiros, alleos ao país. O castelán conquira no século XIX o seu primeiro trunfo. Xeneralízase no lingoaxe corrente dos elementos burgueses; pero nin chega até os artesáns nin traspón os lindeiros da cibdade (Castelao 1961: 105).

Valora Castelao moi positivamente o renacemento literario decimonónico como "un acontecemento feliz", destacando a importancia de Rosalía de Castro, sen deixar de sinalar os límites (case exclusividade da poesía) e o feito de o labor científico ou erudito, así como a actividade política, tamén dos rexionalistas, se desenvolver "decote en castelán". Mais lamenta que, a pesar de as letras galegas contaren "a fins do século pasado con obras de verdadeiro mérito", en ningún nivel do ensino "se lle concede atención á nosa língoa e á nosa literatura" (Castelao 1961: 106). Xulga así mesmo moi positivamente o avance da lingua galega no primeiro terzo do século XX canto ao cultivo literario de todos os xéneros e o pulo que recibe do movemento nacionalista; cita expresamente o labor das Irmandades da Fala, da revista *Nós e A Nosa Terra*, das coleccións *Céltiga e Lar*, do Seminario de Estudos Galegos, a faceren da "língoa viva do pobo o idioma culto e familiar dos intelectuales" e producíndose en consecuencia "a máis completa eclosión da cultura galega", o que non resultou suficiente para que o goberno da República lle concedese á Galiza "a cooficialidade dos idiomas e o bilingüismo escolar" que lle outorgou a Cataluña, nun acto de discriminación cara á nosa lingua, porque "a solución do problema pedagóxico era tan inaplazable en Cataluña como en Galiza" e "aínda pode calquera empregado público decirlle a un galego: *Hábleme usted en cristiano*" (Castelao 1961: 107-108).

En resumo, ambos os autores recoñecen a orixe latina do galego, aínda que Murguía resalta en exceso a importancia da influencia celta, e os dous combaten o tóxico de o galego ser unha forma corrupta do castelán, situándoo adecuadamente no ámbito lingüístico galaico-portugués-brasileiro. Castelao, de modo especial, ofrécenos unha axustada visión do percorrido histórico da lingua galega, desfecendo moitos tóxicos prexudiciais para a valoración social do idioma.

3. A relación entre galego e portugués

Aínda que xa nas liñas precedentes se fixo algunha referencia a esta cuestión, merece unha especial atención o tema sempre polémico da relación entre o galego e o portugués, que foi obxecto de reiteradas consideracións dos dous autores. Con eles, para alén de emerxer a conciencia do valor do idioma propio, emerxe tamén con forza a defensa da identidade lingüística galego-portugués-brasileira. Para Murguía a lingua formada no territorio galego vén a ser a mesma que a de Portugal, como afirma na introdución da súa obra *Galicia*: "Su

lengua es tan nuestra como sus mares” (Murguía 1982: 6). Na resposta a Juan Valera incide na orixe celta do galego e na identidade co portugués, a subliñar a influencia sueva e a ausencia de influencia árabe, aínda consciente de que a literatura galega pasou por un longo período de silencio por que non pasou a de alén Miño e consciente tamén das diferenzas lingüísticas entre o portugués do norte e do sul:

Así y todo se da el caso, que la lengua gallega, una con la portuguesa, fue tan cultivada literariamente como cualquiera otra de las de Europa, hasta mediados del siglo XVI, y después hablada por una población culta, cultísima, que ya que no le diese la fijeza de una lengua literaria, en cambio la mantuvo en su pureza y la enriqueció con innumerables voces sirviendo perfectamente a las necesidades materiales e intelectuales de una población numerosa y civilizada [...].

Al Sr. Valera que vivió algún tiempo en Lisboa debe constar que los mismos portugueses, llaman gallegos a los de su nación conmorantes en tierra de entre Duero y Miño, así como gallego a la lengua que hablan. Es más, señalan diferencias esenciales entre el portugués de alén y aquí del Duero. Pues bien, no lo hacen a humo de pajas. La verdadera lengua gallega o portuguesa -para el caso es igual-, la lengua que nos es propia, hija del celta, modificada por el latín, sobre todo el eclesiástico, enriquecida por el habla y sentimientos suevos, y ajena a toda influencia árabe, es la corriente de Galicia y gran parte de Portugal, la misma que hablaron Camoens y Sáa de Miranda; idioma y no *patués*, como con visible desconocimiento del asunto, le denominó alguno pretendiendo que en su calidad de lengua inferior, sólo debe usarse en la poesía idílica y rústica. Ella sabrá por qué (en Risco 1976: 181-182).

Como se pode observar, a preocupación e interese de Murguía polo galego vai máis alá da simple reivindicación como lingua poética e por iso discrepa abertamente das opinións pexorativas de Emilia Pardo Bazán (1984: 291-292) a respecto do presente e do futuro do galego, que cualifica de dialecto ou *patois*. Murguía está a pensar nun galego con futuro a través da súa proxección no portugués. Mesmo nun artigo de mocidade, de 1858, sobre a poesía galega da súa época, onde demostra o coñecemento dos instrumentos medievais, vai afirmar algo non moi distante do dito pola escritora coruñesa, ao comparar o esplendor da lírica medieval e da literatura portuguesa coa situación por que pasaba a lingua e a literatura galegas do momento:

Para convencerse de esto [superioridade do galego face ao castelán na época medieval] basta leer las escrituras de donaciones, las carta-pueblas, escritas en dialecto gallego y compararlas luego con las obras que nos quedan del castellano antiguo, cuando aquel no solo era un verdadero idioma, con toda la riqueza y la armonía de una lengua literaria, sino que conservándose y mejorándose en Portugal, llegó mas tarde á un alto grado de perfección, perfección á que llegaría en Galicia si esta como la nacion hermana, hubiese conquistado con su independencia una nacionalidad que protegiera el desarrollo de lo que es hoy un dialecto solamente (en Hermida 1992:35)⁵.

⁵ A propósito desta cita, convén incidirmos en que cando Murguía utiliza a palabra ‘dialecto’ se está a referir a lingua non oficial, face a ‘lingua nacional’ ou oficial (o castelán).

No discurso de Tui de 1891 fala do “noso idioma” que alí preto, ao outro lado do río Miño, é lingua oficial “que serve a máis de vinte millóns de homes” (Murguía 1996: 159). No discurso de 1906 na Academia tamén reincide na proxección internacional do galego, agora como argumento para contrarrestar o tópico da próxima desaparición do idioma:

lengua que habló este pueblo durante más de diez siglos, que es la que hablan y entienden cerca de tres millones de gallegos, dieciocho millones de habitantes en Portugal y sus dominios, doce en el Brasil. No puede perecer un lenguaje que tiene una literatura gloriosa, y nombres que son orgullo de la inteligencia humana (en Risco 1976: 131).

Xa desde os seus primeiros textos Murguía, dándose conta da importancia do idioma na construción da identidade nacional da Galiza e consciente do seu desprestixio social, intenta, por unha parte, remarcar esa identificación co portugués, seguindo unha liña argumental presente no século XIX noutros moitos autores, na procura do necesario prestixio para a lingua (Hermida 1996); e, por outra parte, tenta desfacer o tópico estendido na sociedade galega (e tan prexudicial para os intentos de revitalización da lingua) de que o galego é unha forma corrupta do castelán ou mesmo o castelán antigo conservado na súa primitiva rudeza; os seus coñecementos sobre os documentos notariais da época medieval en galego vanlle permitir distinguir con clareza este do castelán antigo e manter a reiterada afirmación de galego e portugués seren en orixe a mesma lingua, que en Portugal alcanzou un máis alto nivel de perfeccionamento por gozar da independencia nacional que posibilitou a súa protección e cultivo. Por ser pai do portugués, que á súa vez tamén se fala no Brasil, o galego ten maiores posibilidades de supervivencia do que outras linguas, se ben que precisa dun esforzo ‘patriótico’ por crear obras inmortais que lle devolvan o prestixio que tivo e o lugar que lle corresponde. No artigo “¿Desaparecerán los dialectos?”, publicado en 1879 en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, afirma:

Perezcan ó no los dialectos, el deber de los gallegos es salvar el suyo, tratando de conocerle bien y de que dure. Tenemos la seguridad de que entre los que se hablan en Europa es de los que tienen asegurada más larga vida. No desaparecerá tan aprisa ni tan por completo como se espera. Si no se opusiese á ello la cosa misma, con esa fuerza eterna con que se opone á la muerte todo lo que vive, nos hallaríamos con que el gallego es padre y origen del portugués, y éste tiene vida propia y tan lozana como el castellano, una vez que si puede perderse y olvidarse en la porcion de territorio en el cual ondea la bandera lusitana, todavía le queda un refugio en el vasto imperio del Brasil. Padre dichoso, el gallego revive en sus hijos. No morirá, pues, nuestro dialecto. Estudiémosle y conozcámosle y así lo amaremos; usémosle como lengua literaria y así sabremos cuánto vale y de cuánto es capaz. Es obra patriótica. Desgraciadamente no basta el patriotismo para escribir obras inmortales, y éstas son las que ahora necesitamos, para que la lengua de nuestros padres recobre en el mundo el puesto y la importancia á que es acreedora (en Hermida 1992: 205).

No primeiro volume da *Historia de Galicia*, publicado en 1865, tamén afirma que o galego alcanzara o seu completo desenvolvemento no portugués e que este non era outra cousa que o galego literario (Hermida 1996: 112), tese defendida un século despois por Rodrigues Lapa e que desencadeará a polémica con Ramón Piñeiro.

Castelao, en liñas xerais, bebe no pensamento político e lingüístico de Murguía, asumindo en consecuencia os postulados relativos ao tema. Non só se adhire a este pensamento galeguista dominante que propugna unha identidade esencial entre galego e portugués, tamén defendida pola "ciencia romanística" (Carvalho 1983: 112), senón que é unha das personalidades que máis ten insistido nesta cuestión e que ten achegado argumentos máis sólidos, sobre todo desde a perspectiva histórica, con pronunciamentos moito numerosos ao respecto, difíciles de resumirmos⁶. Talvez a cita máis explícita, e ao mesmo tempo máis polémica, é a tirada da carta a Sánchez Albornoz, onde, após expresar o desexo de que na Galiza se fale tan ben o galego como o castelán, e viceversa, acrecenta o degoiro de que o galego "se acerque y confunda con el portugués, de modo que tuviésemos así dos idiomas extensos y útiles" (en Carvalho 1989: 91). Porén, debemos situar estas afirmacións no seu contexto. Castelao está a rebater nesa carta o argumento do isolacionismo lingüístico da Galiza sen o castelán, aducido por quen sería presidente do goberno español no exilio; está a utilizar, pois, armas dialécticas nunha conxuntura concreta e en correspondencia privada. Aínda así, está claro que Castelao desexa "a restauraçom da unidade lingüística galego-portuguesa" (Carvalho 1989: 105). Mais non a subordinación do galego ao portugués, ou a disolución do galego no portugués. En *Sempre en Galiza* dinos que "o povo galego fala un idioma de seu, fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués" (Castelao 1961: 41), dando continuidade ao pensamento de Feijoo, Sarmiento e Murguía; e a reforzar a primacía histórica do galego sobre o que el considera, segundo xa vimos, mal chamado portugués, porque "o portugués non é outra cousa que o galego, pois da Galiza pasou a Portugal" (Castelao 1961: 161). Sen as explicitar con precisión, Castelao era consciente de certas diferenzas entre galego e portugués, sobre todo fonéticas, e tamén ortográficas, derivadas do predominio da norma do sur como consecuencia do peso político de Lisboa⁷, observando "cómo dende o Meiodía lusitano se irradia unha especie de andalucismo, que desvirtúa a orixinalidade galaico-portuguesa". Mais, a pesar de soaren de forma diferente, as palabras portuguesas continúan a ser galegas: "aínda que os ouvidos galegos estranen as voces portuguesas non por eso deixan de ser voces nosas, voces galegas" (Castelao 1961: 346-347).

Porén, aínda admitindo esa identidade fundamental entre galego e portugués, semella que Castelao non consideraba adecuada a ortografía portuguesa para o galego. Neste sentido, afirma Monteagudo (2000: 163-164) que Castelao "sempre empregou a grafía tradicional do galego moderno", cualificando a lusa como "excesivamente ornamental, o cal, na súa mentalidade, era un síntoma de artificialismo e decadencia" e a suxerir que "a identificación do portugués co galego non se pode interpretar como un principio do que Castelao se sirva para propugnar a lusitanización do galego, senón máis probablemente para propoñer a galeguización do portugués"; tamén entende que a "aparente" contradición entre a teoría e a práctica

⁶ Véxase, por exemplo, Cambeiro (1978), Fontela (1989), Fernández Velho (1989), Gil Hernández (1989), Carvalho Calero (1984: 261-267 e 1989) ou Monteagudo (2000).

⁷ Para Castelao a división da Galiza coa separación política de Portugal vai supor o fortalecemento de Castela; e o deslocamento do centro do poder portugués para Lisboa afasta Portugal da Galiza: "pero a Portugal faltoulle Galiza e nunca chegou a ser unha nación tan forte como Castela. E dende Lisboa non se vé nin se sinte a necesidade de Galiza" (Castelao 1961: 335-336).

lingüística de Castelao "é un relativo espellismo, unha consecuencia dun enfoque erróneo da realidade histórica", non lle parecendo defendíbel a hipótese de que foron as dificultades de aprendizaxe do portugués as que disuadiron Castelao de escribir nesa lingua "se el tivese decidido que iso era o correcto e coherente".

Castelao non participa en polémicas ortográficas, ben vivas na prensa galeguista na época das Irmandades (Tato 1997), o que nos impide coñecermos con clareza o seu posicionamento ao respecto. Mais é ben sabido que a súa praxe lingüístico-ortográfica non é lusista e nin sequera "utiliza a grafía erudita ou etimolóxica empregada por Pintos, António de la Iglesia, Viqueira, Correa Calderón, Bouza Brey, Victoriano Taibo, J. Canedo, Risco (en *Nós*, a partir de 1930) e tantos outros" (Fernández Velho 1989: 36), producíndose unha desconexión "entre umhas teorías lingüísticas profundamente reintegracionistas e umha práctica só parcial e nom totalmente reintegracionista", segundo afirma Rábade (1989: 65), que aventurara como causas disto non ser Castelao un lingüista, a inercia cultural maioritaria ou un criterio pedagóxico-populista: "Castelao adopta a grafía mais usual na Galiza, porque em primeira instância escreve para ser lido polos galegos, polos sectores mais amplos possíveis". Este último argumento é tamén utilizado por Carvalho (1989: 103), ao soste que o "uso da ortografía castelhana para escrever em galego figera-se avondo geral, porque dava facilidades aos emissores e receptores da literatura galega, educados na língua oficial". Dada a prioridade que Castelao concedía á dignificación e normalización da lingua, exixencia básica para dotar de prestixio a fala popular, e téndomos en conta as urxencias e necesidades do momento, que o seu instinto político tan ben sabía captar, semella moito probábel que esta razón práctica tivese un peso importante na súa opción ortográfica, mais sen desbotarmos tampouco a súa concepción apriorística sobre a especificidade do galego e a primacía histórica deste sobre o portugués. Castelao tiña como *desideratum* o achegamento e mesmo a fusión co portugués, mais sempre desde o galego e seguindo un proceso de elaboración dun modelo propio de lingua culta.

Neste mesmo sentido, convén tamén termos en conta a opinión de Monteagudo cando suxire, aínda coa limitación de se basear só nunha única afirmación do autor a respecto da ortografía portuguesa, que a posición de Castelao sobre a ortografía "non era tan espontánea e inxenua como adoito se pretende", resumindo así a súa visión do lusismo de Castelao:

coido que a identificación teórica do galego co portugués, lugar practicamente común nas elites galeguistas, ten unha funcionalidade específica no contexto do desprestixio social e cultural do galego fronte ó castelán e de vindicación da prioridade lingüístico-cultural do galego sobre os romances peninsulares, e ademais reflexa unha auténtica simpatía por Portugal e a súa cultura. Pero este filo-lusismo non tiña unha funcionalidade tan relevante cando se trataba de solucionar os problemas relacionados coa elaboración da lingua. A razón probable disto é que na creación do estándar galego entraron en funcionamento motivacións máis poderosas, como o desexo de auto-identificación e a procura do enxebrismo. Vista a cuestión deste xeito, non consideramos historicamente incoherente a teoría 'reintegracionista' coa práctica 'autonomista' daquelas elites, e concretamente a de Castelao (Monteagudo 2000: 164-165).

Por outra parte, resulta cando menos discutíbel a tese de Fontenla (1989: 13) de que “Castelão hoje sería o que chamam alguns pejorativamente e infundadamente ‘um lusista’ e que desde a existencia do Acordo da Ortografía Simplificada do Rio de Janeiro sería ‘um unionista’ ou unificador”. Fernández Velho (1989: 31-34) recoñece que o lusitanismo de Castelao era “unha clara arma política contra o centralismo” e sinala “a ironía e paradoxo de o atlantista rianjeiro nom alinhar-se na luta por esta alternativa, que tam dignamente sus-tinham homens tam significados da sua geraçom como Viqueira”.

En síntese, o que combate Castelao, e tamén Murguía, é o isolacionismo do galego e a renuncia da Galiza ao patrimonio que supón o ter xerado unha das linguas máis faladas no mundo, factor potencial que debe ser utilizado para combater o desprestixio do idioma. Por iso Murguía e Castelao defenden a aproximación ao portugués, que vén sendo o afastamento do castelán. Mais sen entreguismos, sen o galego renunciar a nada de seu, e como argumen-to decisivo para a dignificación da lingua perante os propios falantes e para aumentar a súa autoestima, ao tempo que como obriga moral de preservarmos o noso legado histórico. Segundo afirmaba o profesor Carvalho (1989: 107), Castelao “nom nos hipotecou o porvir. Limitou-se a indicar um caminho para o futuro inmediato”. Moita xente coida tamén que ese continúa a ser aínda o futuro do galego, pois se Castelao, e con el o movemento nacionalista galego, achou na identificación co portugués un argumento eficaz, para alén de histórica e cientificamente verosímil, a prol da dignificación e da normalización do galego no seu tempo, tal eficacia dificilmente pode diminuír, senón necesariamente aumentar, no momento en que a globalización e o pragmatismo se nos impoñen como novos deuses do tempo presente.

4. O modelo lingüístico e a cuestión da norma

Coinciden Murguía e Castelao no marco teórico xeral a respecto da relación entre galego e portugués, mais van manter praxes lingüísticas diferentes, posibelmente tamén en función do tempo que lle tocou vivir a cada un: en tanto que Castelao é un escritor monolin-güe en galego (García Negro 1999), Murguía éo practicamente en castelán; porén, ambos coinciden en non ensaiaren fórmulas reintegracionistas na escrita cando é o caso. A comezarmos por Murguía, é obvio que non ten unha actuación coherente cos postulados teóricos nos seus escasísimos textos en galego, canto ao modelo xeral de lingua por el utilizada e en concreto no plano ortográfico. Como sinala Hermida (1996: 112-115), en tanto que autores como Balbín de Unquera, López de la Vega ou Juan Valera defendían a identificación e fusión entre galego e portugués, Martínez Padín, Antonio de la Iglesia e Murguía eran partidarios dunha identificación sen fusión, por non realizaren ningunha manifestación a favor do lusismo ortográfico; no caso concreto de Murguía, para a mesma estudiosa “o idioma que el utilizaba era con moito o máis castelanizado do século pasado”, expresión talvez un tanto exaxerada, aínda que é certo que os castelanismos son numerosos. Se neste aspecto é posíbel acharmos contradición no autor, tamén a pode haber entre tanta insistencia na identidade de galego e portugués e a defensa dunha literatura galega, coa súa propia lingua literaria, diferenciada da portuguesa, como xa se puxo de manifesto:

Murguía non se cansa de repetir que son o mesmo o galego e o portugués; que se o galego é dialecto, éo do portugués. Endebén, en medio da escuridade dunha esposición abalada pola indignación, que vai remitindo conforme avanza o discurso, e conforme fica atrás a

espresión da súa enemistade coa Condesa, o Patriarca, na súa réplica a Valera, semella reivindicar o diferencialismo galego cara o portugués. Aceptándonos esta interpretación, teríamos que Valera propugna o reintegracionismo do galego ao torgo común, mentras Murguía, ao defender a lingua literaria galega non xa perante o castelán, senón perante o portugués, adoptaría unha posición aislacionista [...].

Se Murguía fora consecuente, non adoptaría unha actitude tan negativa perante as teses de Valera. Cando Castelao falaba de aproximarmos o galego ao portugués ata confundírense as dúas linguas, desenrolaba unha idea que se pode xustificar en Murguía. É curioso que tamén se ache no Patriarca, como vimos de ver, base suficiente para xustificar de algún xeito a teoría separatista do galego e o portugués. A resistencia á concordia galego-portuguesa en nome dos mesmos sentimentos que se invocan para rexeitar unha concordia galego-castelá —sempre falando en termos de lingua literaria—, é un exemplo máis da tensión á que un azar histórico ten sometida a alma de Galicia e a dos galegos (Carballo 1977: 105)⁸.

É certo que hai contradicións e que Murguía utilizou para o galego o sistema demótico na representación gráfica da lingua, en contra do etimolóxico que nos aproximaba do portugués. Isto leva Hermida (1996: 113) a considerar que Murguía, igual que outros autores, “defendía a identidade das dúas linguas baixo un punto de vista fundamentalmente retórico”. Porén, talvez debamos considerar esta cuestión desde outra perspectiva. Por unha parte, do punto de vista estritamente patriótico, Murguía, Castelao e tantos outros, aínda a defenderen a identidade lingüística galego-portuguesa, non queren (nin teñen por que) rebaixar en nada a consideración do galego como lingua propia da Galiza, coa súa peculiar literatura, tendo en conta que o portugués é unha derivación histórica do galego e que socialmente sería moi prexudicial para este a súa subalternización ao portugués. Por outra parte, Murguía, como Castelao, carecían de preparación filolóxica e de material bibliográfico necesario para levar a cabo unha praxe ortográfica (e lingüística en xeral) galego-portuguesa. Así como Murguía defendeu con paixón o uso do galego e el utilizou o castelán por considerar que a súa misión naquela altura era outra ou que el non era a persoa chamada a iniciar ese labor, neste caso defende así mesmo a identidade galego-portuguesa sen a practicar.

Murguía foi fundamentalmente un animador ou incitador ao uso escrito do galego, aínda que el persoalmente apenas o utilizase. Os restauradores do galego no século XIX iniciaron, nunha situación tremendamente precaria, un lento mais moi meritorio labor de elaboración dun modelo lingüístico propio que fose o máis apto posíbel para a expresión artístico-literaria. Mais será Viqueira, xa no século XX, quen con máis clareza e mesmo paixón vai defender a utilización da grafía etimolóxica e a aproximación do galego ao portugués, idea que desde un plano teórico vai manter tamén boa parte do galeguismo de preguerra, como xa mantiveran no XIX Pondal e Murguía, entre outros. Rafael Dieste, por exemplo, veciño e amigo de Castelao, participa polos anos vinte na polémica da ortografía na prensa diaria, propugnando avanzar cara á consecución dunha “lingua franca galego-portuguesa”

⁸ Véxase tamén a este respecto García Pereiro (1978: 364-365).

(Dieste 1981: 34). Como afirma Rodríguez (1999: 77-78), a Castelao tocoulle vivir nunha etapa en que ninguén preocupado polo galego era quen de negar "a sua comun estrutura básica co portugués e mesmo que Galiza era orixe e berce deste idioma", aspecto en que o pensamento de Castelao "coincidía mesmo con toda a lingüística españolista e coa escola histórica española que tanto axudou a cimentar a idea da españolidade opresiva en que todos fomos educados".

Castelao fala de que o galego se debe aproximar do portugués até se confundir con el, mais el non dá tampouco pasos significativos nese sentido, ben por se non considerar capacitado, ben por ser consciente de que iso non pode ser un acto voluntarista de carácter individual, senón unha tarefa colectiva derivada dun consenso social e que exige un proceso gradual de posta en práctica. No mesmo sentido, cando Carvalho Calero está a criticar que Murguía defende a Valera unha lingua literaria galega diferente da portuguesa, faino nun modelo lingüístico 'separatista' ou 'isolacionista' que el mesmo censura, e que máis adiante mudará cando se considerou capacitado e cando se deron elaborado e asumido propostas máis ou menos coherentes de unificación gráfica galego-portuguesa (Rodrigues Lapa, Montero Santalha, Agal etc.). O paralelismo, con praxes progresivamente máis coherentes, entre Murguía, Castelao e Carvalho Calero seméllanos a cada paso máis evidente: Murguía defendeu o uso do galego e a identidade galego-portuguesa, mais escribiu en castelán, cuns poucos textos en galego moi castelanizado; Castelao defendeu tamén o noso idioma e o reintegracionismo, sendo xa escritor monolingüe en galego e practicando un modelo de lingua moi depurado de castelanismos a respecto do modelo dominante noutros escritores, con escolla de solucións coincidentes co portugués (*-bel, até, propio, povo, Galiza* etc.) dentro dunha norma gráfica xeral dependente da española; Carvalho Calero mantén os mesmos postulados teóricos a respecto do idioma que os dous anteriores, é basicamente fiel ao uso do galego na creación literaria, como Castelao, e acaba por practicar coherentemente o reintegracionismo lingüístico na última fase da súa vida, após sucesivas etapas de achegamento á que consideraba mellor solución para o problema ortográfico do galego. O xuízo sobre a coherencia lingüística de cada un destes autores non debe realizarse sen termos en conta a época e as circunstancias en que cada un viviu.

Non deixa de resultar un tanto sorprendente, por outra parte, o feito de que nin Murguía nin Castelao teñan participado directamente na polémica ortográfica, como fixo Carvalho Calero, cando esta estivo viva tamén en vida dos dous primeiros; e resulta especialmente sorprendente en Murguía, que se viu envolto en moitas ao longo da súa vida. Tanto este como Castelao dedicaron os seus esforzos a debateren cos inimigos internos e externos a respecto da nosa identidade política e lingüística, talvez sen tempo nin ganas de o faceren con aqueles con quen partillaban en xeral a preocupación polo futuro do país e do seu idioma. O tempo de Carvalho Calero xa era outro, aínda que o tema da definitiva fixación do modelo lingüístico pervivía e aínda hoxe pervive. Murguía participaría da polémica sobre a identidade lingüística da Galiza por se tratar da cuestión verdadeiramente relevante naquela altura⁹;

⁹ Unha mostra témola na súa discusión con Juan Sieiro (González Seoane 1991: 282-283), cuxos textos compilou Hermida (1992b: 199-211), ou nos duros artigos contra Emilia Pardo Bazán en *La Voz de Galicia* (Murguía 2000).


debater sobre a norma en que se debía escribir o galego nunha época en que estaba totalmente afastado de calquera uso administrativo ou do ensino e en que posuía un moi reducido cultivo literario non semellaba certamente o máis relevante nin o máis necesario na tarefa de loitar pola súa recuperación escrita e pola dignificación do seu uso, sobre todo cando tamén era posta en cuestión a súa propia existencia como lingua diferenciada con dereito a ser empregada en todos os contextos. Murguía, e despois Castelao, souberon, pois, moi ben concentraren as súas enerxías na defensa do primordial para a lingua na época que lles tocou vivir, sen por iso deixaren de expresar con clarez a súa concepción xeral sobre o idioma.

5. *Conclusión*

O pensamento de Murguía a respecto da lingua galega fica sintetizado por el mesmo no discurso de 1906 na Real Academia Galega; nel (Murguía 1996: 158-159) áchanse expostas, dunha forma ou doutra, as súas ideas básicas sobre o noso idioma: símbolo e emblema da identidade nacional, demostración innegábel da personalidade diferenciada da Galiza, medio de comunicación universal mercé á súa expansión polo mundo a través de Portugal, vehículo de importantes creacións literarias do espírito humano, lingua de esplendoroso pasado que, a pesar das dificultades do presente, o pobo galego debe amar, usar e defender con proxección de futuro se é que quere continuar a existir como tal con dignidade, pois o último que un pobo debe perder é o seu idioma, como dixo noutra ocasión etc.; isto é, a lingua como bandeira e escudo da nosa personalidade e da nosa singularidade no mundo.

Estas mesmas ideas son compartilladas por Castelao, que ten en Murguía un dos seus referentes históricos e unha das fontes máis importantes para a súa tomada de conciencia lingüística, podendo considerarse tamén mestre e inspirador das ideas lingüísticas que o rianxeiro desenvolvería ao longo da súa vida, tanto no traballo político como na escrita. Mais a principal diferenza co home de Rosalía radica fundamentalmente na práctica lingüística, pois Castelao é un autor monolingüe en galego, o primeiro entre os máis significados escritores do país. E isto non é algo casual, pois para el o idioma era o elemento esencial da nosa identidade e a el lle gardou sempre fidelidade, converténdose tamén nun dos seus máximos valedores. Está claro que para Castelao o termos un idioma propio é unha característica que nos singulariza e nos identifica no mundo, a constituír ao mesmo tempo un patrimonio cultural e espiritual de extraordinaria importancia a que nunca debemos renunciar se é que queremos continuar a existir como pobo con voz propia no concerto da humanidade. Tamén soubo ver Castelao, como Murguía, a verdadeira significación e transcendencia do galego como idioma universal, non limitado ás catro provincias en que administrativamente se divide a Galiza actual. Ben nos explica a importancia histórica da Gallaecia e que do seu seo naceu Portugal, que co transcurso do tempo ía proxectar o noso idioma polos diferentes continentes, converténdoo nunha das linguas máis faladas no mundo, feito que tenta aproveitar, como así mesmo fixo o patriarca decimonónico, para o dotar de prestixio entre os propios falantes.

En síntese, o contributo de ambos os autores foi fundamental e básico para a emerxencia dun pensamento político que situou o galego no centro do debate político na Galiza e que foi capaz de manter viva até á actualidade a conciencia da súa importancia como elemento de identificación nacional. Así mesmo, ambos os autores contribuíron decisivamente á emerxencia da conciencia de identidade lingüística non só entre a Galiza e Portugal, senón tamén co Brasil.



Referencias bibliográficas

- ALONSO MONTERO, Xesús (1988): "Prehistoria da Academia Galega. Á procura da norma culta de 1875 a 1905". *Grial* 99, 8-18.
- ALONSO MONTERO, Xesús (1991): "O día en que se inaugurou a Academia Galega: o problema da(s) lingua(s)". En M. Brea & F. Fernández Rei: *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Vol. 2 (Santiago de Compostela: Universidade, 7-18).
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé R. & AXEITOS, Xosé L. (2000): *Manuel Murguía. Vida e obra* (Vigo: Xerais).
- BERAMENDI, Justo G. & NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1995): *O nacionalismo galego* (Vigo: A Nosa Terra).
- BERAMENDI, Justo G. (1981): *Vicente Risco no nacionalismo galego. I. Das orixes á afirmación plena* (Santiago: Edicións do Cerne).
- BERAMENDI, Justo G. (1998): "Murguía e os alicerces da nación galega". En *Volver a Murguía* (Vigo: A Nosa Terra, A Nosa Cultura 19, 7-13).
- CAMBEIRO CIVES, Luís (1978): "Teoría da lingua galega en Castelao". *Grial* 62, 485-488.
- CARBALLO CALERO, Ricardo (1977): "Murguía contra Valera". *Grial* 55, 102-105.
- CARVALHO CALERO, Ricardo (1983): *Da fala e da escrita* (Ourense: Galiza Editora).
- CARVALHO CALERO, Ricardo (1984): *Letras Galegas* (A Coruña: AGAL).
- CARVALHO CALERO, Ricardo (1989): *Escritos sobre Castelao* (Barcelona: Sotelo Blanco).
- CASTELAO (1934): "Prólogo". En G. Álvarez Limeses: *Antre dous séculos (versos gallegos)* (Pontevedra: Imprenta de Julio Antúnez, 7-11).

- CASTELAO (1961): *Sempre en Galiza* (Buenos Aires: Edición 'As Burgas', 2ª ed.).
- CASTELAO (1974): *Prosas recuperadas, I* (Lugo: Celta).
- DIESTE, Rafael (1981): *Antre a terra e o ceo* (Sada-A Coruña: O Castro).
- FERNÁNDEZ COSTAS, Xosé M. & RABUÑAL, Henrique (1998): "Manuel Murguía en 'La Ilustración Gallega y Asturiana'". En *Volver a Murguía* (Vigo: A Nosa Terra, A Nosa Cultura 19, 43-52).
- FERNÁNDEZ VELHO, Pedro (1989): "Língua e naçom em Castelao". En J. G. Beramendi & R. Villares (eds.): *Actas Congreso Castelao (Santiago de Compostela, 24-29 novembro 1986)*. Vol. 2 (Santiago de Compostela: Universidade, 27-37).
- FONTENLA RODRÍGUEZ, José L. (1989): "Castelao e a lingua galego-portuguesa". En J. G. Beramendi & R. Villares (eds.): *Actas Congreso Castelao (Santiago de Compostela, 24-29 novembro 1986)*. Vol. 2 (Santiago de Compostela: Universidade, 13-25).
- FORTES, A. Belén (1998): "O proxecto de creación dunha literatura galega en Murguía". En *Volver a Murguía* (Vigo: A Nosa Terra, A Nosa Cultura 19, 24-30).
- GARCIA NEGRO, M. Pilar (1989): "Actualidade do pensamento lingüístico de Castelao". En J. G. Beramendi & R. Villares (eds.): *Actas Congreso Castelao (Santiago de Compostela, 24-29 novembro 1986)*. Vol. 2 (Santiago de Compostela: Universidade, 7-12).
- GARCIA NEGRO, M. Pilar (1999): "A obra de Castelao, consagración da normalidade monolingüe". En M. Ferreiro & X. R. Freixeiro Mato (eds.): *Castelao na Galiza do século XX. Actas do Simposio (Universidade da Coruña / O Castro (Sada), 25-27 de Novembro de 1999)* (A Coruña: AS-PG/Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa, 29-38).
- GARCÍA PEREIRO, M. Carme (1978): "Teoría da lingua galega en Murguía". *Grial* 61, 363-366.
- GARCÍA, Xosé Lois (ed.) (1978): *Castelao, Otero Pedrayo, Suárez Picallo, Villar Ponte. Discursos parlamentarios (1931-1933)* (Sada-A Coruña: O Castro).
- GIL HERNÁNDEZ, Antonio (1989): "Reflexões de Castelao sobre a lingua (contidas em *Sempre em Galiza*): da correlação entre o projecto político, o "modelo linguístico" e a proposta formalizadora". En J. G. Beramendi & R. Villares (eds.): *Actas Congreso Castelao (Santiago de Compostela, 24-29 novembro 1986)*. Vol. 2 (Santiago de Compostela: Universidade, 39-61).
- GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto X. (1991): "O debate sobre o galego na prensa do XIX. Algúns datos para unha historia do antigaleguismo". *Grial* 110, 275-287.
- HERMIDA, Carme (1987): "A polémica ortográfica a finais do século XIX (1888). A grafía do [š]". *Grial* 97, 299-316.
- HERMIDA, Carme (1992): *A reivindicación da lingua galega no rexurdimento (1840-1891)* ([Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega).

- HERMIDA, Carme (1996): "Galego e portugués durante o século XIX". En R. Lorenzo & R. Álvarez (eds.): *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta* (Santiago de Compostela: Universidade, 107-119).
- LÓPEZ VARELA, Elisardo (1998): "Manuel Murguía, Curros e a Academia Galega". En *Volver a Murguía* (Vigo: A Nosa Terra, A Nosa Cultura 19, 61-69).
- LÓPEZ, Teresa (1998): "No curso do tempo". En *Volver a Murguía* (Vigo: A Nosa Terra, A Nosa Cultura 19, 53-59).
- MÁIZ, Ramón (1999): *O pensamento político de Murguía* (Vigo: Xerais).
- MARIÑO PAZ, Ramón (1998): *Historia da lingua galega* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- MONTEAGUDO, Henrique (2000): "As ideas lingüísticas de Castelao". En R. Máiz (coord.): *Castelao: Sempre en Galiza. Edición crítica* (Santiago de Compostela: Universidade / Parlamento de Galicia, 2ª ed., 145-175).
- MURGUÍA, Manuel (1982): *Galicia* (Vigo: Xerais).
- MURGUÍA, Manuel (1996): *En prosa. Textos en galego* (Oseiro-Arteixo: Asociación 'Manuel Murguía').
- MURGUÍA, Manuel (2000): *Murguía e La Voz de Galicia* (A Coruña: La Voz de Galicia, Biblioteca Gallega).
- NOGUEIRA, Camilo (1996): "Sobre as orixes da cuestión nacional galega: a división de Gallaecia e a creación do Estado portugués". *A Trabe de Ouro* 25, 11-25.
- NOGUEIRA, Camilo (1997): "Para unha crítica do castelanismo". *Grial* 134, 141-163.
- NOGUEIRA, Camilo (1998): "O tempo político dos trobadores". *Polo Reino de Galiza* (Vigo: A Nosa Terra, A Nosa Cultura 18, 6-19).
- PARDO BAZÁN, Emilia (1984): *De mi tierra* (Vigo: Xerais).
- RÁBADE CASTINHEIRA, Joam C. (1989): "Formas 'prohibidas' en Sempre en Galiza". En J. G. Beramendi & R. Villares (eds.): *Actas Congreso Castelao* (Santiago de Compostela, 24-29 novembro 1986). Vol. 2 (Santiago de Compostela: Universidade, 63-79).
- RABUÑAL CORGO, Henrique (1999): *Manuel Murguía* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- REI ROMEU, Manuel (1996): *Castelao e Sempre en Galiza* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- RISCO, Vicente (1976): *Manuel Murguía* (Vigo: Galaxia).

- RODRÍGUEZ, Francisco (1999): "O antiimperialismo, eixo vertebrador do pensamento de Castelao". En M. Ferreiro & X. R. Freixeiro Mato (eds.): *Castelao na Galiza do século XX. Actas do Simposio (Universidade da Coruña / O Castro (Sada), 25-27 de Novembro de 1999)* (A Coruña: AS-PG/Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa, 73-78).
- TATO FONTAÍÑA, Laura (1997): "O modelo de lingua na época das Irmandades (1916-1923)". En X. Quintanilla: *Donosiña* (A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, 38-48).
- VELASCO SOUTO, Carlos F. (1998): "Murguía historiador". En *Volver a Murguía* (Vigo: A Nosa Terra, A Nosa Cultura 19, 18-23).